



UNIVERSIDADE DE VIGO

DEPARTAMENTO DE DEREITO PRIVADO

TITULACIÓN: ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE

GLOBALIZACIÓN, DEREITOS HUMANOS E CIDADANÍA

2009-2010

PROFESORA: Pilar Allegue Agüete

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
Campus de Vigo

CONTACTO: Bloque D, despacho nº 306

TELÉFONO: 986 814065 FAX: 986 814011

CORREO ELECTRÓNICO: pallegue@uvigo.es

CURSO 2009/2010

CARÁCTER: obrigatorio

CUADRIMESTRE: **primeiro**

CARGA LECTIVA: 3créditos E.C.T.S.

Globalización, Dereitos Humanos e Cidadanía

1.Contextualización

Este curso trata de enmarcar no contexto da globalización os problemas da cidadanía dende a perspectiva das mulleres. Plantexar un tema tan importante como o da cidadanía e os Dereitos así como as obrigas que poda conlevar este status dende unha perspectiva feminista.

2. OBXECTIVOS

2.1. Obxectivos xerais

Os tres bloques temáticos que levan por título *Ao redor das globalización, das mulleres e dos seus dereitos* enmárcanse no ámbito da Filosofía Política-Xurídica. Pretenden ser unha aproximación racional desde a metodoloxía feminista ao contexto globalizador que supón novas perspectivas, novos métodos de actuación do patriarcalismo.

Interésanos primeiramente coñecer algunhas aportacións teóricas de figuras relevantes do pensamento actual, e desde elas situar os nosos problemas, analizar desde o feminismo as consecuencias dun tempo que se pretende avanzado e diferente, e que desde a nosa perspectiva é perigosamente continuador das vellas estruturas.

Resumidamente, os obxectivos son:

1. Esclarecemento conceptual das globalizacións, da cidadanía, do multiculturalismo na súa relación coas mulleres e os dereitos.
2. Esclarecemento do vello-novo androcentrismo nas ciencias médicas e biotecnoloxías como un exemplo deste tempo das globalizacións. Denunciar os seus paradoxos.
3. Recuperar algunhas voces de mulleres e homes que defenderon a través da historia ás mulleres.
4. Contribuír ao desenvolvemento da igualdade na diferenza.

2.2 Competencias académicas e profesionais

2.2.1 Competencias instrumentais (saber e saber facer)

- Coñecer os fundamentos teóricos que comporta o fenómeno das diferentes globalizacións e a súa repercusión na cidadanía e os dereitos humanos que directamente e de forma especial repercuten nas mulleres

- Capacidade para ler / entender / valorar / criticar e analizar os textos (discursos culturais) e, por extensión, o mundo (Competencia implícita en calquera materia formativa universitaria)
- Capacidade de comprender e utilizar as correspondentes variables e conceptos teóricos (Competencia relacionada coa titulación: Coñecer e reflexionar sobre os fundamentos teóricos e disciplinares do xénero e sobre as súas implicacións nas políticas públicas e privadas)
- Destreza no uso da terminoloxía da teoría e crítica feminista e de xénero dos diferentes discursos (Competencia relacionada coa titulación: Coñecer e reflexionar sobre os fundamentos teóricos e disciplinares do xénero e sobre as súas implicacións nas políticas públicas e privadas)
- Habilidade para resolver problemas teóricos e analíticos (Competencia relacionada coa titulación: Ofrecer instrumentos conceptuais, metodolóxicos e técnicos que permitan analizar criticamente, comprender, diagnosticar, deseñar e avaliar a formulación e posta en marcha de iniciativas públicas ou privadas orientadas a acadar a transformación das desigualdades de xénero e a igualdade)
- Capacidade crítica e autocrítica e de expresión de compromisos persoais e sociais (Competencia relacionada coa titulación: Promover o enfoque de “*mainstreaming* de xénero” (a análise e a posta en práctica da transversalidade de xénero) como instrumento de creación de condicións, espazos, prácticas organizativas e relacións de igualdade real entre mulleres e homes.)
- Desenvolver a capacidade de deconstrucción dos estereotipos de xénero inherentes á nosa cultura
- Habilidade de planificación e organización (Competencia relacionada coa titulación: Formar en habilidades persoais para o liderado e a negociación positiva en técnicas de dinamización, Asertividade.)
- Formar profesionais para a intervención dende o punto de vista do xénero.
- Habilidade investigadora (Competencia implícita en calquera materia formativa universitaria)
- Destreza na posta en práctica dos coñecementos (Competencia implícita en calquera materia formativa universitaria)

2.2.2 Competencias interpersoais (saber ser e saber estar)

- Levar a práctica actitudes de relación interpersoal.
- Desenvolver habilidades de comunicación interpersoal.
- Aprender a traballar nun equipo multidisciplinar e/ou interdisciplinar.
- Recoñecer a diversidade, a diferenza e a multiculturalidade como fonte de crecemento persoal e social.
- Manter unha actitude de autocrítica, aberta á disparidade de opinións, á tolerancia e á innovación.

2.2.3 Competencias sistémicas

- Ser competente para presentar un discurso, memoria, traballo de xeito oral e escrito, coa terminoloxía axeitada que se espera neste nivel de formación.
- Ser competente para adaptarse a situacións novas.
- Ser competente para desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor.
- Aprender autonomamente, de xeito crítico e continuado (actualización permanente e investigación).
- Desenvolver actitudes para incrementar a sensibilidade persoal cara ás temáticas de concienciación social.
- Ser competente para fomentar o empoderamento do alumnado, en especial o das alumnas

3 Bloques e temas de Contido

1. Aproximación teórica aos conceptos

I. Globalizacións

- a) L. Ferrajoli
- b) D. Zolo
- c) Boaventura de Sousa Santos
- d) Lidia Cirilo

II. Cidadanía. Ilustración

- b) Iris Marion Young
- c) J. Lucas
- d) Pilar Allegue

III. Multiculturalismo

- a) Mary Nash
- b) Boaventura de Sousa
- c) Alessandra Facchi

- IV. Textos para debater**
 - a) Lidia Cirilo
 - b) Alessandra Facchi
 - c) Mary Nash

2. O problema das biotecnoloxías: dereitos e mulleres

- I. Biotecnoloxías e ciencias médicas**
- II. Dereitos e mulleres**
 - a) Dereitos humanos
 - b) Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea
 - c) Constitución española de 1978

- III. Textos para debater**
 - a) Lei de Reprodución asistida
 - b) Euxenesia: China

3. Relecturas históricas

- I. Christine de Pisano**
- II. Feijoo, Sarmiento: Defensa de las mujeres**
- III. Concepción Arenal**

4. Metodoloxía e estratexias de aprendizaxe

4.1. Metodoloxía docente

1. Exposicións teóricas presenciais
 - 1.1. Presentación dos temas.
 - 1.2. Entrega da documentación: virtual e papel.
 - 1.3. Pautas de análise da teoría e documentación.
 - 1.4. Debate sobre os temas en cada unha das sesións.
2. Clases non presenciais
 - 2.1. Titorización individual e titorización de traballos en grupo, segundo sexan realizados individual ou coletivamente.

4.2 Estratexias de aprendizaxe. Orientacións ao alumnado

- Manexo de fondos bibliográficos
- Procura informática de datos
- Debates na aula
- Análise de textos e análise documental
- Elaboración e exposición de traballos
- Asesoramento académico e profesional.

5. Plan de traballo do alumnado. Especificación do tempo de aprendizaxe aproximado

(O plan de traballo pode sufrir algunha variación atendendo a circunstancias non previstas)

O desenvolvemento desta materia comprende tanto a participación activa do alumnado na presentación de temas en clases maxistras por parte dos docentes como o seu obrigado compromiso a realizar aquelas actividades prácticas de aula -ou pola súa conta- que se lle encomenden. Así, por unha banda terá que “seguir” as clases maxistras pero, por outro lado, tamén ten que participar activamente nas clases e realizar traballos individuais e/ou en grupo nas modalidades que lle soliciten as profesoras.

6. BIBLIOGRAFÍA

- Amorós, Celia. La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias... Las luchas de las mujeres. Madrid, Cátedra, 2ª ed., 2006.
- Amorós, Celia (ed.). Feminismos y filosofía. Síntesis, Madrid, 2000.
- Amorós, Celia. Diez palabras clave: mujer. Navarra, Verbo Divino, 2002.
- Benhabib, S. Las reivindicaciones de la cultura. Buenos Aires, Ktz, 2006.
- Bourdieu, P. La dominación masculina. Barcelona, Anagrama, 2000.
- Castells, Carmen (comp.). Perspectivas feministas de teoría política. Barcelona, Paidós, 1996.
- Cirilo, Lidia. Mejor huérfanas. Por una crítica feminista al pensamiento de la diferencia. Barcelona, Antropos, 2002.
- Ferrajoli, L. Derechos y garantías. Madrid, Trotta, 1999.
- Fadela, Amara. Ni putas ni sumisas. Madrid, Cátedra, 2004.
- García, Adela. Género y ciudadanía: un debate. Barcelona, Icaria, 2004.
- Nash, Mary. Mujeres en el mundo. Historia, retos y movimientos. Madrid, Alianza Editorial, 2004.

De Sousa Santos, Boaventura. De la mano de Alicia. Lo social y lo político en la postmodernidad. Colombia, Uniandes, 1988.

Valcarcel, Amelia. La política de las mujeres. Madrid, Cátedra, 2004.

Young, Irish Marion. La justicia y la política de la diferencia. Madrid, Cátedra.

VVAA. Globalización y mujer. Madrid, Pablo Iglesias, 2002.

Zolo, D. Globalizzazione. Bari, Laterza, 2004.

7. Outros recursos

Juragentium: www.tsd.unifi.it/juragentium/it

8. Avaliación dos procesos e resultados de aprendizaxe. Criterios de avaliación

Avaliación Continua, integral e totalizadora (final).

Un 50% da cualificación final será o resultado da participación e a asistencia ás clases teóricas. Un 50% sumarase polos traballos realizados individual e colectivamente.

Na presencialidade incidirá non soamente a asistencia, *conditio sine qua non* para ser cualificados/as, senón tamén os comentarios e exposicións orais que se realicen nas clases.

Nas clases non presenciais valorarase sobre todo o manexo das fontes bibliográficas e documentais, a orixinalidade e o rigor científico dos traballos.